

# **INFORMACIÓN SOBRE O FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO/AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR PARA 2024/2025**

No DOG do 20/05/2024 publicouse a orde da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que regula, para o curso 2024/25:

- A participación no **fondo solidario de libros de texto** para todo o alumnado da ESO (manteranse os libros de texto do curso 2023/24 para todos os cursos).
- A convocatoria de **axudas para adquirir material escolar** destinadas a todo o alumnado da ESO.

O **prazo** de presentación de solicitudes vai do 21 de maio ata o 21 de xuño, incluído.

Teñen toda a **información**, cos **requisitos** para ser beneficiarios/as, nos dous **arquivos que se achegan** e mais na aplicación Fondolibros (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros/>) onde poden acceder á orde reguladora desta convocatoria.

## **REQUISITOS para poder participar na convocatoria:**

- **FONDO / AXUDAS PARA LIBROS DE TEXTO:** Pódese solicitar con independencia da renda per cápita, pero os libros dispoñibles repartiranse por orde inversa á renda, ata que se esgoten, **garantindo:**

- Ao alumnado con **renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €:** 6 libros de texto.
- Ao alumnado con **renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €:** 4 libros de texto.
- Ao alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%: 6 libros, con independencia da renda.

**- AXUDAS MATERIAL:**

- Alumnado con **renda per cápita igual ou inferior a 6.000 €**: 75 €
- Alumnado con **renda per cápita superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €**: 60 €.

Para calquera modalidade (fondo libros ou axudas para material) é **IMPRESINDIBLE** devolver os libros de texto ao rematar este curso, de ter sido beneficiario no 2023/24.

**PRAZO de presentación de solicitudes:** do 21 de maio ata o 21 de xuño.

Teñen acceso ao formulario de solicitude na aplicación informática "Fondolibros" (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>).

Presentaranse **preferiblemente** por **vía ELECTRÓNICA**, a través da sede da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED330B>), empregando calquera mecanismo de identificación e sinatura admitido, como por exemplo: Chave365, DNI electrónico, certificado FNMT.

No caso de non dispoñer de ningún medio de identificación e sinatura dixital, poderase presentar a solicitude **PRESENCIALMENTE** no instituto ou en calquera dos lugares e rexistros públicos.

A SOLICITUDE será única para todos os/as fillos/as que estean admitidos/as no mesmo centro docente para o curso 2024/25, e especificarase o nivel de estudos que se espera que realice cada un deles, salvo no caso de que se tramite por vía electrónica que será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumno/a.

## **PARA CUBRIR A SOLICITUDE LEMBRE:**

- O primeiro apartado, "**Datos da persoa solicitante**", cubrirase cos datos do **pai ou da nai ou da persoa representante legal**, quen a **asinará**, e a súa presentación implicará que acepta as bases da convocatoria, cumpre os requisitos exixidos nela e que son certos os datos indicados; así mesmo, que se compromete a conservar en bo estado e a devolver ao finalizar o curso os libros de texto prestados do fondo e o material reutilizable mercados coa/s axuda/s. As **autorizacións** dos restantes membros da unidade familiar (excepto do proxenitor que se indicado como "solicitante"), figurarán no apartado **Anexo II** do formulario de solicitude.

- Cando a documentación se presente de xeito presencial, **achegaranse as fotocopias e os respectivos orixinais**, para poder verificar a súa autenticidade. En todo caso, os documentos deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación, e **reflectir a situación persoal, familiar e económica a 31 de decembro de 2022** (agás cando unha sentenza de separación ou divorcio posterior atribúa a custodia exclusivamente a un dos proxenitores, nos casos acreditados de violencia de xénero ou por falecemento da/s persoa/s proxenitoras).

- TODAS AS SOLICITUDES teñen que **acreditar documentalmente os membros da unidade familiar a 31/12/2022** (co libro de familia e ademais aportarase sentenza de separación ou divorcio, se é o caso).

- Ver o arquivo "pdf" adxunto, que contén un **resumo dos requisitos** que hai que cumprir para participar nesta convocatoria e mais toda a **documentación necesaria e preceptiva que hai que presentar** para a tramitación.

## **PUBLICACIÓN DE LISTAXES DE ADMITIDOS/EXCLUIDOS:**

### **- Fondo de libros de texto:**

A listaxe **provisional** de alumnado admitido publicárase o 12 de xullo, como data límite (para a listaxe **definitiva** haberá que agardar ata o 26 de xullo, como data límite).

### **- Vales para mercar material escolar:**

Porase un aviso arredor do día 12 de xullo informando da tramitación dos vales.

En todo caso, os vales entregaráselle ao alumnado beneficiario a canda os libros de texto, en setembro, durante os primeiros días de clase do próximo curso.